



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

ELVIRA LAMA FERNÁNDEZ, deputada e voceira provincial do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, nos artigos 91 a 97, entre outros, do R.O.F. e o artigo 4 do Regulamento Orgánico da Corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE CUMPRIMENTO DO PACTO ANTITRANSFUGUISMO NA DEPUTACIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Que por parte do Presidente da Deputación de Ourense se están levando a cabo diversas operacións de captación de alcaldes de diversas formacións políticas para ser candidatos do Partido Popular nas próximas eleccións municipais que entre outras cousas decidirán quen será o presidente da Deputación.

Que así actuou antes das pasadas eleccións de 2015. Resultou logo, como temos denunciado, que se utilizaron os fondos públicos da Deputación para primar ós captados.

Eses comportamentos atentan contra os principios democráticos e os códigos de ética pública como é o Pacto Anti-transfuguismo acordado nos principios da democracia e que levou a ir introducindo reformas legais para loitar contra estes comportamentos.

Este Grupo intentou que o Presidente da Deputación dese explicacións por estes comportamentos que danan a esta institución sen acceder a facelo.

Antes estes feitos presentamos as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**:

O Pleno da Deputación acorda que se tomen tódalas medidas para o efectivo do denominado Pacto Anti-Transfuguismo, para que non se utilicen recursos económicos desta institución para premiar ou favorecer os que participen nestas operacións e entidades que representen e que se cumpra as medidas do Código Ético.

En Ourense, 22 de xaneiro de 2018

Asinado: Elvira Lama Fernández

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

www.psdegpsoddepourense.es
socialistaourense@gmail.com

Facebook: PSdeGDepOU
Twitter: @PSdeGDepOU